

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 20 de xuño de 2014 pola que se amplía o crédito dispoñible para o exercicio 2014 das bases reguladoras das axudas do Igape para proxectos de equipamento tecnolóxico das pemes no sector dos servizos, cun investimento subvencionable entre 30.000 € e 200.000 €, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

Mediante Resolución do 26 de novembro de 2013 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras das axudas do Igape para proxectos de equipamento tecnolóxico das pemes no sector dos servizos, cun investimento subvencionable entre 30.000 € e 200.000 €, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (DOG nº 230, do 2 de decembro de 2013), e procedeuse á súa convocatoria para o exercicio 2014 en réxime de concorrencia competitiva. As ditas bases foron modificadas mediante Resolución do 24 de marzo de 2014 (DOG nº 61, do 28 de marzo).

Na dita resolución, no seu punto cuarto, establécense os créditos dispoñibles, así como que o director xeral do Igape poderá ampliar os créditos e modificar as partidas orzamentarias, logo de declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas e tratando de dar resposta á ampla demanda de axuda, semella oportuno incrementar o importe aprobado para as axudas establecidas nestas bases.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único. Amplíase para o exercicio 2014 o crédito establecido na partida 08.A1.741A.7706 en 2.300.000 €, para as axudas do Igape para proxectos de equipamento tecnolóxico das pemes no sector dos servizos, cun investimento subvencionable entre 30.000 € e



200.000 €, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, que queda establecido do seguinte xeito:

Partida orzamentaria	Procedemento	Orzamento 2014	Orzamento 2015
08.A1.741A.7706	IG174 - Proxectos de equipamento tecnolóxico das pemes no sector dos servizos cun investimento subvencionable entre 30.000 € e 200.000 €.	3.925.000,00 €	875.000,00 €

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2014

Javier Aguilera Navarro
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

